# BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 25 DE FEBREIRO DE 2016.

**ASISTENTES:**

Presidente:
D. Gonzalo Concheiro Coello

Concelleiros:
D. Elisardo Montero Castro
D. José Balado Casal

Secretaria-Interventora:
D.ª Carmen Gomez Otero

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 15:00 horas do día vinte e cinco de febreiro de 2016, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de Goberno Local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. Gonzalo Concheiro Coello.

Non asiste nin xustifica a súa ausencia a concelleira Dna. María Jesús Novo Gómez

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Carmen Gomez Otero.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

**1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES**

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, as actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local celebradas o día 30/12/2015 e o 28/01/2016, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**ÚNICO.-** Aprobar as actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local celebradas o día 30/12/2016 e o 28/01/2016.

**2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO**

**2.1.- CERTIFICADO DO SERVIZO DE DEPENDENCIA E AUTONOMÍA PERSOAL DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL SOBRE NÓMINA SAF MUNICIPAL.**

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado do Servizo de Dependencia e Autonomía Persoal da Consellería de Política Social, rexistro de entrada no concello co número 197 en data 01/02/2016, no que se envia o certificado das cantidades que se liquidarán ó Concello pola prestación do servizo de axuda no fogar (dependencia) do 4º trimestre de 2015:

Outubro: 7.784,44 €
Novembro: 7.362,30 €
Decembro: 8.177,10 €
Regularizacións do/s período/s 01/04/2015-30/06/2015 01/07/2015-30/09/2015: -7,93 €.
Total nómina neta 4º trimestre: 23.315,91 €
Total devengado: 23.315,91 €
Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

**2.2.- RESOLUCIÓN DO XEFE DO SERVIZO DE COORDINACIÓN DA ÁREA CULTURAL DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE CULTURA,**

**EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA CORUÑA, AUTORIZANDO REALIZACIÓN CONTROL ARQUEÓLICO NA PARCELA Nº 390 DO POLÍGONO 22.**

Pola secretaria dáse conta da resolución envíada do xefe do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitria da Coruña, rexistro de entrada no concello co número 302 en data 17/02/2016, que autoriza a realización do control arqueolóxico de aproveitamento madeireiro e leñoso na parcela nº 390 do polígono 22, no lugar de Pedral coas condicións sinaladas na Resolución do 16 de decembro de 2015. Promotor Comercial Seoane S.L.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

**2.3.- NOTIFICACION RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SELECCIÓN DO CONCELLO DE BOIMORTO PARA A ELABORACIÓN DO INVENTARIO DE BENS MUNICIPAIS.**

Pola secretaria dáse conta da notificación da Resolución ditada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, envíada polo servizo de orzamentos, estudos e asistencia económica, rexistro de entrada no concello co número 287 en data 16/02/2016, que selecciona a este Concello para a elaboración do inventario de bens municipais e se incluirá na fase V.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e dando cumprimento ao ditado na Resolución nº 3063, de data 08/02/2016, do Presidente da Deputación Provincial da Coruña **ACORDAN:**

1.- Aceptar a recepción dos traballos de elaboración do inventario de bens.
2.- Pór ao dispor da empresa adxudicataria os recursos humanos e materiais necesarios e proporcionar un espazo adecuado para a correcta execución dos traballos.
3.- O compromiso firme de tramitar a aprobación do inventario mediante acordo plenario.
4.- Realizar os axustes contables que procedan para asentar na contabilidade o inventario aprobado.

**2.4.- ESCRITO DA SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE (SOGAMA) RELATIVO AO CANON ANO 2016**

Pola secretaria dáse conta do escrito envíado do presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente, rexistro de entrada no concello co número 240 en data 05/02/2016, que comunica que en data 15 de xzneiro de 2016, o INE publicou que a taxa de variación anual do IPC correspondente a decembro do 2015 foi do 0,0%. Por conseguinte, ao non experimentar variación, o importe base de acutalización aplicable do canon unitario para o ano 2016 mantense en 67,18 euros.

**3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS.**

**3.1.-LICENZAS**

**3.1.1.- LICENZA PARA AUTORIZACIÓN DO USO DO SALÓN DE ACTOS DA CASA DE CULTURA DE BOIMORTO O DÍA 08/03/2016**

Vista a solicitude presentada pola dirección do CPI Armando Cotarelo Valledor con CIF Q-6555003J, con rexistro de entrada no concello co número 376 en data 25/02/2016, na que solicita autorización para o uso do salón de actos da casa de cultura o día 08/03/2016 dende a primeira hora da mañá e ata as 14.00 h para asistir a unha representación teatral que lles ofertan dende o Centro Penitenciario de Teixeiro.

A Xunta de Goberno Local por unamidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO**.- Autorizar a utilización do salón de actos da casa de cultura á direccioñn do CPI Armando Cotarelo Valledor o día 08/03/2016 dende a primeira hora da mañá e ata as 14:00 h

para asistir a unha representación teatral que lles ofertan dende o Centro Peninteciario de Teixeiro.
**SEGUNDO.-** Notifíquese este acordo ao solicitante

**3.1.2.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA PERNOCTAR NO POLIDEPORTIVO O PRÓXIMO 8 DE XULLO AOS ALUMNOS DO COLEXIO "NUESTRA SEÑORA DE BEGOÑA DE LOS JESUITAS DE BILBAO"**
Pola secretaria dáse lectura ao escrito envíado por Dna. Sara Alberdi Martínez, actuando en calidade de coordinadora da comunidade Arrupe do colexio "Nuestra Señora de Begoña de los jesuitas de Bilbao", con rexistro de entrada neste Concello nº 301 en data 17/02/2016, no que solicita permiso para pernoctar no polideportivo municipal cun grupo de 50 perosas, con motivo dunha peregrinaxe a Santiago de Compostela o día 8 de xullo de 2016.
Visto o artigo 5 do Regulamento de funcionamento do servizo de aloxamento de peregrinos do Concello de Boimorto, publicado no BOP nº 98 en data 24/05/2013.
En aplicación do artigo 6 e) da Ordenanza fiscal nº 10, reguladora da taxa pola utilización do polideportivo municipal, cota tributaria "pola pernoctación no polideportivo 3 € por usuario e noite sendo necesario o pago para obter entrada que autorice a estancia", a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**
**PRIMEIRO.-** Autorizar o uso do polideportivo municipal a Dna. Sara Alberdi Martínez, actuando en calidade de coordinadora da comunidade Arrupe do colexio "Nuestra Señora de Begoña de los jesuitas de Bilbao", para pernoctar no polideportivo municipal cun grupo de 50 persoas, con motivo dunha peregrinaxe a Santiago de Compostela o día 8 de xullo de 2016.
**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención municipal que ascende a cantidade de **CENTO CINCOENTA EUROS (150,00 €)**, que deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais xa que sin este requisito esta autorización non producirá efecto.
**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo á interesada co réxime de recursos que pode interpoñer así como o número de conta para facer efectivo o pago.

**4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS**
**4.1.- URBANISMO**
**4.1.1.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004**
Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 10 de febreiro de 2016 (RE núm. 262) coas seguintes características:

Datos do solicitante

| | |
|---|---|
| Nome e apelidos: | María López Castro |
| DNI: | 76474070J |
| Domicilio: | Lg. Iglesia núm. 6 - Sendelle - 15817 Boimorto |

Datos da obra:

| | |
|---|---|
| Obxecto: | Substitución de tella na vivenda unifamiliar |
| Situación: | Lg. Iglesia núm. 6 - Sendelle - 15817 Boimorto |
| Referencia catastral: | 15010A503003230001KR |
| Orzamento de execución: | 3.500,00 €uros |
| Cualificación urbanística: | Solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo |
| Autorización sectoriais: | Consta resolución da dirección xeral do patrimonio cultural |

| | |
|---|---|
| | de 29 de xaneiro de 2016 (expediente nº 2015/0959 CNC) |
| Compatibilidade urbanística: | Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 10 de febreiro de 2016 |

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa aos datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

**SEGUNDO.-** Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, según informe técnico: 5.137,50 €uros

Liquidación 2%: **102,75 €uros**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a Dna. María López Castro indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

**<u>4.1.2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004</u>**

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 11 de xaneiro de 2016 (RE núm. 52) coas seguintes características:

<u>Datos do solicitante</u>

| | |
|---|---|
| Nome e apelidos: | Enrique Mato Méndez, actuando en representación da Comunidade de veciños “Edificio Banesto” |
| DNI: | 33147334X |
| Domicilio: | Lg. Villadavil - Arzúa |

<u>Datos da obra:</u>

| | |
|---|---|
| Obxecto: | Lavar e pintar a parte exterior de edificio |
| Situación: | Rúa Casal de Munín nº 2 - Boimorto - 15817 Boimorto |
| Referencia catastral: | 0715701NH7601N0007WF |
| Orzamento de execución: | 4.570,00 €uros |
| Cualificación urbanística: | Solo urbano coa ordenanza de edifición intensiva |
| Autorización sectoriais: | Consta resolución da dirección xeral do patrimonio cultural de 22 de decembro de 2015 (expediente nº 2015/0923 CNC) |
| Compatibilidade urbanística: | Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 3 de febreiro de 2016 |

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa aos datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

**SEGUNDO.-** Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-
Presuposto de execución material da obra, según informe técnico: 11.668,45 €uros
Liquidación 2%: **233,37 €uros**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a D. Enrique Mato Méndez indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

**<u>5.- ASUNTOS ECONÓMICOS</u>**

**<u>5.1.- APROBACIÓN DE FACTURAS</u>**

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia, e tendo en conta o informe de secretaría-intervención Ref.: CB-1/2015, por unanimidade **ACORDOU:**

**ÚNICO.-** Aprobar as seguintes facturas:

| Nº **Factura / Data** | Titular **NIF/CIF** | Descrición | Importe |
|---|---|---|---|
| 1601012362-31/01/16 | Autopistas del Atlántico Concesionaria Española, S.A. / A-15020522 | Peaxe viaxe a Coruña na data 26/01/16 | 8,05 € |
| 4/16-12/02/16 | Multiservicios Cempés / 78787497P | Dúas copias da chave do refuxio de Sendelle | 3,00 € |
| A 7-12/02/16 | Teresa Peón y Otra S.C. / J15542970 | 25 docenas de churros residencia centro de día | 50,00 € |
| 3-04/02/16 | Oliva Penas Guerreiro / 76850350R | Libro de actividades para o taller de memoria na residencia e centro de día | 10,95 € |
| 2016.01-01/01/16 | Carlos Rico Caramés / 34899041Z | Gastos de seguro sobre o proxecto de execución “Ampliacion da Miniresidencia” | 1.358,35 € |
| 06B/8-30/01/16 | Coregal Parques e Xardíns, S.L. / B15731797 | Mantemento zonas verdes xaneiro 2016 | 1.990,00 € |
| 52/16-27/01/16 | Gráfica de Asturias, S.L. / B-15342348 | Sobres blancos para as oficinas municipais | 253,82 € |
| B 48-19/01/16 | Jobegosum, S.L. / B70058268 | Material médico para a residencia e centro de día | 165,26 € |
| 000172-26/01/16 | Control de Plagas Andrade, S.L. / B-15989692 | Cota bimestral servizos de control de plagas e legionella nos edificios | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | municipais mes xaneiro 2016 | 686,83 € |
| 5-29/01/15<br><br>4-29/01/16<br><br>3-29/01/16 | Supermercado Rey-Blanco / B70204631 | Material de limpeza para o Concello<br>Material de limpeza para o Concello<br>Material de limpeza para a residencia e centro de día | 12,25 €<br><br>32,34 €<br><br>201,16 € |
| 016VC/12-27/01/16 | Ems Aytems, S.L. / B-15497100 | Baterías e mando para grúas da residencia | 351,98 € |
| 1/2016-31/01/16 | Raquel Prieto Souto / 47379697L | Servizo de podoloxía centro de día, residencia e servizos externos xaneiro 2016 | 322,00 € |
| 1-11052598-28/01/16 | Manuel Castro Gómez / 33215547M | Confección nóminas e seguros mes de xaneiro 2016 | 925,29 € |
| VI 327-29/01/16 | Mugatra Sociedad de Prevención, S.L. / B70055504 | Recoñecementos médicos realizados a trinta e oito traballadores do Concello | 1916,27 € |
| 3342447568-22/01/16<br>3342514317-01/02/16 | Schindler / A-50001726 | Servizo mantemento ascensores mes xaneiro 2016<br>Servizo mantemento ascensores mes febreiro 2016 | 286,48 €<br><br>286,48 € |
| 60 660610-31/01/16 | Distribuciones Salrubber, S.L. / B36517233 | Rodas para o camión de recollida de lixo matrícula 7428FJK | 1.201,53 € |
| 501-31/01/16 | Exatic S.L. / B70283460 | Mantemento páxina web Hosting | 292,82 € |
| 5/01600129-25/01/16<br><br>5/01600130-25/01/16 | Nea F3 Ibérica, S.L.U. / B-15361348 | Mantemento fotocopiadora cor BH C353 da residencia período 11/12/15 a 18/01/16<br>Mantemento fotocopiadora cor KM C364e das oficinas municipais período 11/12/15 a 23/01/16 | 71,86 €<br><br>367,78 € |
| 78-08/02/16 | Eugenio Castro, S.L. / B-15529274 | Cambio camión pequeno de recollia de lixo | 363,00 € |
| 001-30/01/16 | Mª. Celia Rico Pérez / 76514861W | Material para cabalgata de reis de Belén vivente | 348,50 € |
| 00/006264-31/01/16<br>00/009537-08/02/16 | Dielectro Industrial, S.A.U. / A-15007750 | Lámpadas para o alumeado público<br>Material eléctrico para a residencia e centro de día | 165,82 €<br><br>354,05 € |
| 135/01-28/01/16 | Servipack Mantenimientos Industriales, S.L.U. / B70381884 | Extintores para revisión do autobús | 107,69 € |
| B/107-31/01/16<br><br>B/1-04/01/16<br><br>B/108-31/01/16 | Oscar Carreira García / 78796945A | Material de limpeza para o Concello<br>Material de limpeza para a residencia e centro de día<br>Material de limpeza para a residencia e centro de día | 23,76 €<br><br>443,51 €<br><br>315,14 € |
| 2716200007-15/02/16 | Interparking Hispania, S.A. Vías y Construcciones, S.A. / ESU83458570 | Levar usuarios da residencia a consulta médica ao hospital no mes de xaneiro 2016 | 4,01 € |

| | | | |
|---|---|---|---|
| RC/16-5240-05/02/16 | Federacion Española de Municipios y Provincias | Cota asociado Femp 2016 | 119,07 € |
| 2-12/02/16 | Alberto Penas Rey / 78787747M | Reparación camión pequeno de recollida de lixo | 6473,50 € |
| 1 000021-25/02/16 | José Manuel Lamas Gómez / 78787946C | Repostos para as motoserras | 80,10 € |
| Taxa - publicación anuncio no BOP | Deputación da Coruña | Publicación anuncio: 2015/10960 nº 216/11-11-2015 Aprobación inicial expte. Crédito extraordinario 3/2015 | 65,93 € |
| 11-22/02/16<br>12-22/02/16<br>13-22/02/16<br>14-22/02/16<br>15-22/02/15<br>16-22/02/16<br>17-22/02/16<br>18-22/02/16<br>19-22/02/16<br>20-24/02/16<br>21-24/02/16 | José Manuel Verea Castelo / 33245534T | Material colocación estantes concello<br>12 metros mangueira camión recollida de lixo<br>Material limpeza vías<br>Material para o campo de fútbol<br>Material reparación avaría de auga en Cabana (Buazo)<br>Material reparacion avaría de auga no patio do colexio<br>Material de augas<br>Bolsa de bridas alumeado público<br>Grifo depósito de aguas Boimil<br>Produtos para mpeza autobús<br>Pilas para medidor cloro augas | 17,42 €<br>8,42 €<br>14,88 €<br>158,41 €<br>3,50 €<br>13,02 €<br>4,21 €<br>10,81 €<br>5,51 €<br>2,80 €<br>3,99 € |
| 2-31/01/16<br>1-31/01/16<br>D- 203-15/02/16<br>D- 204-15/02/16 | Juan López Sánchez / 34258362T | Gasoleo M. Presión residencia<br>Gasolina cortacéspede<br>Gasóleo calefacción albergue<br>Gasóleo automoción | 40,00 €<br>22,00 €<br>225,00 €<br>2.049,99 € |
| A/124 -16-01/02/16<br>A/122 -16-01/02/16<br>A/123 -16-01/02/16 | Gestcalor S.L. / B94038106 | Pellet de madeira para caldeira da gardería<br>Pellet de madeira para caldeira casa consistorial<br>Pellet de madeira para caldeira centro social de maiores | 692,12 €<br>532,40 €<br>532,40 € |
| 67637-05/02/16 | Río Blanco, S. L. / B-15424047 | Hipoclórito sódico para o depósito de Boimil | 283,14 € |
| 29-09/02/16 | Trebol Musical, S.L. / B15075484 | Actuación musical de entroido Ruta D`tapas 2016 | 907,50 € |
| 7/2016-11/02/16 | Blanco Pampín, S.C. / J70435714 | Obradoiros de entroido e talleres de entroido | 1.596,00 € |
| 0028/S16-04/02/16 | Talleres San Fins, S.L. / B15432453 | Reparación da furgoneta Opel Combo matrícula 9114FDM da residencia | 115,87 € |
| 10/16-24/02/16 | Cerne Ingeniería, S.A. / A-15056468 | Honorarios por asistencia técnico-urbanística mes febreiro 2016 | 2.000,00 € |
| 28-B680-588223-01/02/16 | Telefónica Móviles España, S.A. / A-78923125 | Teléfonos móbiles período 18/12/15-17/01/16 | 208,06 € |
| 0001191-01/02/16 | Enfoque Soluciones TI, S.L. / B-47602651 | Mantemento programa residencia febreiro 2016 | 59,29 € |
| 114.273-31/01/16<br>114.274-31/01/16 | Recambios Santiagueses, S.L. / | Filtro para o autobús<br>Pezas camión pequeno de recollida | 8,72 € |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 114.775-15/02/16<br>114.774-15/02/16<br>114.534-15/02/16<br>114.776-15/02/16<br>114.773-15/02/16 | B-15214349 | de lixo<br>Pezas para o camión pequeno de recollida de lixo<br>Pezas para o camión pequeno de recollida de lixo<br>Pezas para o autobús<br>Interruptor Bosch para amoladora taller<br>Pezas para o autobús 5002-HHB | 28,89 €<br>46,09 €<br>28,42 €<br>71,72 €<br>30,31 €<br>93,62 € |
| Relación FACEs.. Data emisión xaneiro 2016<br>01160111082039-24/01/16<br>01160111555709-31/01/16<br>01160111550616-31/01/16<br>01160111175240-25/01/16<br>01160111554202-31/01/16<br>01160111578598-31/01/16<br>01160111192871-25/01/16 | Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. / ESA65067332 | Recibos alumeado público<br>Recibos antigas escolas unitarias<br>Recibos locais sociais de Souto, Gándara e Nogaredo<br>Recibo protección civil período 11/12/15 ao 18/01/16<br>Recibo EDSM período 25/11/15 ao 26/01/16<br>Recibo cámara agraria período 01/12/15 ao 26/01/16<br>Recibo refuxio de Sendelle período 11/12/15 ao 18/01/16<br>Recibo baixo cncello período 25/11/15 ao 26/01/16<br>Recibo centro médico período 25/11/15 ao 26/01/16<br>Recibo depósito Boimil período 11/12/15 ao 22/01/16 | 4.833,17 €<br>132,57 €<br>213,18 €<br>55,02 €<br>84,78 €<br>167,33 €<br>21,82 €<br>55,83 €<br>123,83 €<br>219,39 € |
| FE16321193624935-26/01/16<br>FE16321193624931-26/01/16<br>FE16321193624930-26/01/16<br>FE16321193624934-26/01/16<br>FE16321193624933-26/01/16<br>FE16321193624929-26/01/16 | Gas Natural Servicios SDG, S.A. / ESA08431090 | Recibo alumeado público Gándara período 12/12/15 ao 18/01/16<br>Recibo colexio período 08/12/15 ao 18/01/16<br>Recibo polideportivo período 08/12/15 ao 18/01/16<br>Recibo piscina piscina período 12/12/15 ao 18/01/16<br>Recibo campo de fútbol período 12/12/15 ao 18/01/16<br>Recibo estación potabilizadora período 17/12/15 ao 22/01/16 | 435,52 €<br>876,61 €<br>268,83 €<br>161,33 €<br>494,41 €<br>830,73 € |
| TA5690263395<br>TA5690258915<br>TA5690266676<br>TA5690263243<br>TA5690266871<br>TA5690264384<br>TA5690258916<br>TA5690263861 | Telefónica de España, S.A.U. / A-82018474 | Recibo teléfono oficinas concello<br>Recibo teléfono xulgado de paz<br>Recibo teléfono ascensor residencia e centro de día<br>Recibo teléfono ascensor casa consistorial<br>Recibo teléfono residencia e centro de día<br>Recibo teléfono centro social municipal de maiores<br>Recibo teléfono oficinas servizos sociais<br>Recibo teléfono fax | 595,46 €<br>29,22 €<br>17,40 €<br>17,40 €<br>100,57 €<br>75,03 €<br>62,48 €<br>0,00 € |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 19/02/16 | | | |

**5.2.- SOLICITUDES SERVIZO DE FISIOTERAPIA**

Visto informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

***<<INFORME SOCIAL***

***INSTITUCIÓN:*** *Concello de Boimorto. Servizos sociais*
***INFORME EMITIDO POR:*** *Mª Esther Vidal Pandelo*
***DATA DO INFORME:*** *25/02/2016*
***DIRIXIDO A:*** *XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

*Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vista a solicitude presentada en tempo e forma, proponse á Xunta de Goberno Local que sexa beneficiaria do servizo de podoloxía a seguinte persoa segundo a valoración técnica que se sinala:*

*1.- LUZ DIVINA MELLID SÁNCHEZ -* ***FISIOTERAPIA***
*VALORACIÓN TÉCNICA*

*a) Consta informe médico que acredita necesidade*
*b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
*c) Concurren os requisitos do artigo 3*

*2.- MARÍA CONCEPCIÓN BOTANA VILARIÑO -* ***FISIOTERAPIA***
*VALORACIÓN TÉCNICA*

*a) Consta informe médico que acredita necesidade*
*b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
*c) Concurren os requisitos do artigo 3*

*3.- MANUEL LÓPEZ CAJIDE -* ***FISIOTERAPIA***
*VALORACIÓN TÉCNICA*

*a) Consta informe médico que acredita necesidade*
*b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
*c) Concurren os requisitos do artigo 3*

*4.- DOLORES ESTHER MONTERO GRAÑA -* ***FISIOTERAPIA***
*VALORACIÓN TÉCNICA*

*a) Consta informe médico que acredita necesidade*
*b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
*c) Concurren os requisitos do artigo 3*

*5.- JESÚS CACHARRÓN PORTOS -* ***FISIOTERAPIA***
*VALORACIÓN TÉCNICA*

*a) Consta informe médico que acredita necesidade*

*b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
*c) Concurren os requisitos do artigo 3*

*Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como traballadora social do concello para que a Xunta do Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>*

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal regulador do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro de maiores a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:
**PRIMEIRO.-** Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuarias/os do servizo de fisioterapia a Luz Divina Mellid Sánchez, María Concepción Botana Vilariño, Manuel Cajide López, Dolores Esther Montero Graña e Jesús Cacharrón Portos.
**SEGUNDO.-** Notificar aos beneficiarios deste servizo que ten a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de xaneiro, febreiro e marzo de 2016. Sen a presentación de dito ticket acreditativo do pago do servizo público non será atendidos polo servizo de fisioterapia.

**5.3.- ESCRITO DE D. JOSÉ ANTONIO GONZÁLEZ SANTOS, SOLICITANDO A DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA DEPOSITADA DA OBRA "MELLORA DE PRAZAS PÚBLICAS DO CONCELLO DE BOIMORTO".**
Pola secretaria dáse conta do escrito de D. José Antonio González Santos, en representación da empresa Construcciones González y González, S.L., con rexistro de entrada neste concello nº 13 con data 04/01/2016 no que solicita a devolución da garantía definitiva depositada, en aval bancario, pola seguinte obra:

| Denominación | Importe aval | Data recepción obras |
|---|---|---|
| "Mellora de prazas públicas do concello de Boimorto" | 4.132,23 € | 29/12/2014 |

En relación coa execución desta obra faise constar que non foi executada na súa totalidade tal como se explica no informe do enxeñeiro de camiños, D. Ángel Delgado Cid, emitido en data 28/01/2014 que di:
<<Las unidades que no se han ejecutado consisten en el "desmontaje de 4 postes existentes y traslado a vertedero", operaciones que no se han podido realizar por no haber realizado la compañía eléctrica suministradora el cambio de las líneas aéreas que se sustentan en dichos postes.>>
Porén pola empresa tal como se informa no informe emitido polo director das obras, D. Ángel Delgado Cid, de data 05/01/2016, executaronse as obras correctamente e segundo as previsións contidas no proxecto redactado a tal efecto polo que procede á devolución do aval bancario, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**
**PRIMEIRO.-** Proceder á devolución do aval solicitado, xa que as obras atópanse en perfecto estado de conservación e funcionamento.
**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ao interesado e dar traslado do presente acordo aos servizos contables para a súa tramitación.

**5.4.- DESESTIMENTO POR FALTA DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN REQUERIDA.**
Visto o requerimento de documentación con rexistro de saída nº 2589 en data 30/12/2015 dirixido a Dna. María Isabel Carreira Morelle en relación coa solicitude de 2873 en data 13/11/2015.

Visto que de conformidade co disposto no artigo 71.1 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común foi outorgado prazo de 10 días hábiles (segundo acuse de recibo contar dende o 7/01/2016) para aportación da documentación requerida sen que fose presentada segundo os datos que constan no rexistro municipal.
Advertido á interesada que de non presentar a documentación solicitada entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución que será ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992 de 26 de novembro.
Por unanimidade a Xunta de goberno local en aplicación dos artigos 71.1 e 42 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións publicas e do procedemento administrativo común **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Declarar concluído o procedemento de outorgamento de subvención á creación de empresas iniciado por solicitude de subvención con nº de rexistro de entrada neste Concello 2873 en data 13/11/2015 por entender desistido da súa solicitude a interesada ao non ter presentado a documentación requerida, arquivando o expediente.
**SEGUNDO.-** Notificar a presente resolución á interesada aos efectos oportunos.

**<u>5.5.- LIQUIDACIÓN CONVENIO CONCELLO DE ARZÚA.-</u>**
Vista as lecturas dos contadores nº 07SE117226 = 6.826 m3 (menos 6.646 m3 da lectura do trimestre anterior = **180 m3**) e nº 07SE117232 = 1.823 m3 (menos 1.778 m3 da lectura do trimestre anterior = **45 m3**) TOTAL: 225 m3, realizada polo encargado de servizos deste Concello, D. Luís González Guerra, en aplicación do disposto en convenio asinado con Arzúa "Convenio de cooperación entre o Concello de Arzúa e o Concello de Boimorto" en data 23 de maio de 2008, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**
**PRIMEIRO.-** Liquidar a cantidade a ingresar polo Concello de Arzúa a Boimorto como consecuencia do disposto no convenio 225 m3 x 0,21 euros = 47,25 € + 4,73 (IVE do 10%) = 51,98 €.
**SEGUNDO.-** Notifíquese ao Concello de Arzúa o presente acordo, solicitando o ingreso na conta bancaria xa comunicada do Concello de Boimorto.

**<u>5.6.- MODIFICACIÓNS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO PRESENTE MES DE FEBREIRO 2016</u>**
Pola secretaria dáse conta do informe emitido pola traballadora social, Dna. María Esther Vidal Pandelo de data 25/02/2016 en relación coas modificacións producidas no servizo de axuda no fogar no período comprendido entre o 28/01/2016 e o 25/02/2016 e que se transcribe literalmente:

<<María Esther Vidal Pandelo, traballadora social dos servizos sociais de atención primaria do Concello de Boimorto, nº de colexiada 1397

INFORMO:

1º.- Que por parte de Dna. Sabina Vilariño Verea presenta solicitude de axuda no fogar por libre concorrencia acadando unha puntuación total de 28 puntos que pasaría a formar parte na lista de espera.

2º.- Que existe unha variación na lista de usuarios do servizo de axuda no fogar de libre concorrencia ao ser atentida por dependencia Dna. Teresa Agra Pampín.

3º.- Que contemplada esta variación a lista de usuarios do servizo de axuda no fogar queda tal e como se transcribe literalmente:

| CRITERIOS DE VALORACIÓN | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| USUARIOS DE SAF LIBRE CONCORRENCIA | Autonomía persoal | Apoio social | Situación familiar/ socialización de menores | Outros aspectos sociais | Total puntuación |
| Josefa Ansede López<br>Lg. Fontiñas (As), 2 , Andabao, Boimorto | 32 puntos | 6 puntos | 0 puntos | 5 puntos | 44 puntos |
| Andrés García Balado<br>Lg. Aquelavila núm. 12, Buazo, Boimorto | 32 puntos | 9 puntos | 0 puntos | 0 puntos | 41 puntos |
| José Peteiro Cajide<br>Lg. Santalla núm. 5, Dormeá, Boimorto | 38 puntos | 0 puntos | 0 puntos | 0 puntos | 38 puntos |
| Concepción Lodeiro Rodríguez<br>Rúa Roda núm. 8, Boimorto | 32 puntos | 3 puntos | 0 puntos | 2 puntos | 37 puntos |
| Dolores Seoane Seoane<br>Lg Arosa, Arceo, Boimorto | 34 puntos | 6 puntos | 0 puntos | 5 puntos | 35 puntos |
| Celia Codesido Sesto<br>Lg. Corredoiras, Ánxeles | 30 puntos | 3 puntos | 0 puntos | 0 puntos | 33 puntos |
| Antonio Gómez León<br>Lg Quiñoy- Rodieiros, Boimorto | 10 puntos | 18 puntos | 0 puntos | 4 puntos | 32 puntos |
| Engracia Vázquez Vázquez<br>Lg Vilar, Sendelle, Boimorto | 24 puntos | 3 puntos | 0 puntos | 4 puntos | 31 puntos |
| Benigno López Vázquez<br>Lg Viladóniga, Boimorto | 10 puntos | 18 puntos | 0 puntos | 0 puntos | 28 puntos |
| Mercedes Ramos Castro<br>Rúa Gándara, Boimorto | 24 puntos | 3 puntos | 0 puntos | 1 punto | 28 puntos |
| Faustino Rico Rey<br>Lg Outeiro, Boimorto | 20 puntos | 3 puntos | 0 puntos | 0 puntos | 23 puntos |
| Xoana Ares Fandiño<br>R/ Castro nº 6, Corredoiras, Ánxeles | 0 puntos | 9 puntos | 9 puntos | 4 puntos | 22 puntos |
| Mª Josefa Mejuto Taboada<br>Lg Arentía, Andabao, Boimorto | 10 puntos | 6 puntos | 0 puntos | 4 puntos | 20 puntos |
| Guillermo Otero Casal<br>Lg Campo da Lanza, Os Anxeles, Boimorto | 10 puntos | 5 puntos | 0 puntos | 4 puntos | 19 puntos |
| Concepción Peteiro Balado<br>Lg Aquelavila, Buazo, Boimorto | 10 puntos | 3 puntos | 0 puntos | 5 puntos | 18 puntos |
| Gumersinda Castro Souto<br>Lg Outeiro, Boimorto | 5 puntos | 9 puntos | 0 puntos | 4 puntos | 18 puntos |
| Josefa García Lodeiro<br>r) Castro, Corredoiras,<br>Os Anxeles, Boimorto | 10 puntos | 6 puntos | 0 puntos | 1 puntos | 17 puntos |
| Mª del Carmen Rúa Rodríguez<br>Lg Outeiro, Corneda, Boimorto | 5 puntos | 3 puntos | 0 puntos | 4 puntos | 12 puntos |
| Emilio Somoza Segade<br>Lg Corredoiras, Os Anxeles,Boimorto | 5 puntos | 6 puntos | 0 puntos | 1 puntos | 12 puntos |
| Ramona García Piñeiro<br>Lg Torre, Andabao, Boimorto | 5 puntos | 3 puntos | 0 puntos | 1 puntos | 9 puntos |

3º.- Que na lista de usuarios de axuda no fogar por dependencia existe a alta de Teresa Agra Pampín o día 15/02/2016 e un aumento de horas de atención de Josefa García Seoane con data 01/02/2016 (pasa de 21 horas a 45 horas).

4º.- Que contempladas estas variacións a lista de usuarios do servizo de axuda no fogar queda tal e como se transcribe literalmente:

| DEPENDENTES | |
|---|---|
| USUARIOS DEPENDENTES | GRADOS E HORAS CONCEDIDAS E EFECTIVAMENTE PRESTADAS |
| María Felpete Costoya<br>Boimorto | Grado III nivel 1, entre 46 e 55 horas mensuais concedidas, 55 horas efectivamente prestadas |
| Leonardo Cotelo Felpete | Grado III nivel 1, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente presta- |

| | |
|---|---|
| Boimorto | das |
| Manuel Pérez García<br>r) Estrada de Lanza, Boimorto | Grado III nivel 1, 55 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas |
| Manuela Casal Brea<br>Lg Souto Buazo, Boimorto | Grado III nivel 2, 56 horas mensuais concedidas, 46 horas efectivamente prestadas |
| Jesús Manuel Rúa Quintela<br>Lg Quiñoy, Rodieiros, Boimorto | Grado III, entre 46 e 70 horas mensuais concedidas e só 45 efectivamente prestadas por petición da familia |
| Carmen García Sánchez<br>Lg Quintas; Os Anxeles, Boimorto | Grado III nivel 1, entre 55 e 70 horas concedidas, 70 horas efectivamente prestadas |
| Carmen Segade Taboada<br>Lg Campo da Lanza, Os Anxeles, Boimorto | Grado II nivel 1, 40 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas |
| José Mª Sánchez Cao<br>Lg Canto do Balo, Arceo, Boimorto | Grado II, nivel 2, 20 horas mensuais concedidas (respiro saf) e efectivamente prestadas |
| Josefa García Seoane<br>Lg Casás, Andabao | Grado II, 45 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas |
| Juan Manuel Fernández Paz<br>Lg. Arosa, 35 – Arceo, Boimorto | Grado II, 45 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas. |
| Antonio Corral Boado<br>Lg. Piñeiro núm. 8 - Cardeiro | Grao III, entre 46 a 70 horas mensuais concedidas e só 45 efectivamente prestadas por petición da familia. |
| Josefa Vázquez Espiñeira<br>Lg. Bertomil núm. 4 - Brates | Grao II, 45 horas mensuais concedidas e só 31 efectivamente prestadas a petición da interesada. |
| Antonio García Salgueiros<br>Lg. Barral núm. 7 - Mercurín | Grao III, 70 horas mensuais concedidas e só se lle pode prestar real e efectivamente 55 horas por ser as únicas que temos dispoñibles |
| Carmen Varela Bravo<br>Lg Gárdoma, Boimil | Grao III, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas |
| Flora Mato Lorenzo<br>Lg. Piñeiro – Sendelle | Grao II, 21 a 45 horas mensuais concedidas e só 22 efectivamente prestadas. |
| María Segade Mella<br>R/ Camiño de Cheda núm. 4 - Boimorto | Grao I, máximo 20 horas concedidas e efectivamente prestadas. |
| María Remedios Castro Novo<br>Lg. Lobomorto - Arceo | Grao I, máximo 20 horas concedidas e efectivamente prestadas. |
| Teresa Agra Pampin<br>R/ Gándara nº 52 1º - Boimorto | Grao III, 70 horas mensuais concedidas e só 22 efectivamente prestadas a petición da interesada. |

5º.- Que a lista de espera no servizo de axuda a domicilio de libre concorrencia no mes de xaneiro era a seguinte:

1º.- Luís López Taboada, 33 puntos.
2º.- Avelino Vázquez Senín, 33 puntos.
3º.- Antonio Gómez León, 32 puntos.
4º.- Luís Taboada Labandeira, 29 puntos.
5º.- Benigno López Vázquez, 28 puntos.
6º.- Mercedes Ramos Castro, 28 puntos.
7º.- José Manuel Paz Varela, 28 puntos.
8º.- Elisa María Bao Castro, 25 puntos.
9º.- Aurora Novo Andrade, 20 puntos.
10º.- Mercedes Carreira Vázquez, 19 puntos.
11º.- Ángela Sueiro Rodríguez, 16 puntos.
12º.- María Mato Méndez, 14 puntos.
13º.- Concepción Graña Sánchez, 13 puntos.
14º.- Dolores Novo Giao, 13 puntos.
15º.- Dorinda Remeseiro Vigo, 10 puntos.

Boimorto, 25 de febreiro de 2016

Asdo.- María Esther Vidal Pandelo

Traballadora social>>

Os membros da Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDAN:**
**PRIMEIRO.-** Darse por informados do contido do informe emitido pola traballadora social con data 25 de febreiro de 2016.

**SEGUNDO.-** Aprobar a lista de usuarios que se lles está prestando o servizo de axuda a domicilio de libre concorrencia e dependentes mencionada nos considerandos deste acordo.

**TERCEIRO.-** Á vista do informe emitido pola traballadora social con data 25/02/2016, incluír na lista de espera do servizo de axuda a domicilio de libre concorrencia a Dna. Sabina Vilariño Verea (solicitude presentada en data 02/02/2016 rexistro de entrada número 212) no posto oitavo.

**CUARTO.-** Aprobar e facer pública a lista de espera no servizo de axuda a domicilio de libre concorrencia no taboleiro de anuncios do Concello, ordenada por puntuación obtida na valoración da solicitude:

1º.- Luís López Taboada, 33 puntos.
2º.- Avelino Vázquez Senín, 33 puntos.
3º.- Antonio Gómez León, 32 puntos.
4º.- Luís Taboada Labandeira, 29 puntos.
5º.- Benigno López Vázquez, 28 puntos.
6º.- Mercedes Ramos Castro, 28 puntos.
7º.- José Manuel Paz Varela, 28 puntos.
8º.- Sabina Vilariño Verea, 28 puntos.
9º.- Elisa María Bao Castro, 25 puntos.
10º.- Aurora Novo Andrade, 20 puntos.
11º.- Mercedes Carreira Vázquez, 19 puntos.
12º.- Ángela Sueiro Rodríguez, 16 puntos.
13º.- María Mato Méndez, 14 puntos.
14º.- Concepción Graña Sánchez, 13 puntos.
15º.- Dolores Novo Giao, 13 puntos.
16º.- Dorinda Remeseiro Vigo, 10 puntos.

**5.7.- CONVOCATORIA E APROBACIÓN DE BASES PARA ESTABLECER OS PREZOS PÚBLICOS DA ACTIVIDADE DE PROMOCIÓN CULTURAL NO MAGRECO 2016**

Vistas as bases para convocatoria e aprobación das bases que establecerán os prezos públicos da actividade de promoción cultural no MAGRECO 2016 do Concello de Boimorto redactadas en data 25/02/2016 pola normalizadora lingüística e que a continuación se reproducen literalmente.

**<<BASES PARA ESTABLECER OS PREZOS PÚBLICOS DA ACTIVIDADE DE PROMOCIÓN CULTURAL NO MAGRECO 2016.**
**1.- Obxecto.**
O obxecto destas bases é o establecemento dos prezos públicos para a actividade de MAGRECO 2016, co obxecto de promoción, fomento e apoio da feira, mediante a participación publicitaria no folleto informativo das actividades que se van levar a cabo.

O Concello elabora un boletín de publicidade onde se citarán as empresas que soliciten a súa participación no mesmo, previo pago dos prezos públicos.

**2.- Obrigados ao pagamento.**

Estarán obrigados ao pagamento todas as persoas que se beneficien desta actividade de publicidade a través do folleto informativo do MAGRECO 2016.

Todos os interesados deberán cubrir unha solicitude na que acordan que están conformes coas bases dos prezos públicos; polo que eximen ao Concello de calquera responsabilidade.

**3.- Contía**

O prezo público da actividade é de 100€ ou 300€. E este prezo inclúe:

100€: páxina do interior do folleto informativo.

300€: contraportada.

**4.- Bonificacións e exencións**

Non se contemplan bonificacións.

**5.- Obriga de pagamento**

A obriga de pagamento do prezo público, regulados no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais, deportivos e análogos no Concello de Boimorto, nace dende que o soliciten no Concello, achegen o anuncio a publicar e a continuación iniciarase a prestación da actividade especificada no artigo 3, a obriga de pagamento é do 100% do importe ao inscribirse.

Boimorto, 25 de febreiro de 2016

A normalizadora lingüística

Asdo.- Sylvia Cea Vázquez>>

A Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividade, servizos culturais, deportivos e análogos, publicado no BOP nº 240 de data 10/11/2009, por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO**.- Convocar e aprobar as bases que establecen os prezos públicos da actividade de promoción cultural no MAGRECO 2016, redactadas en data 25/02/2016 pola normalizadora lingüística, tal e como quedan reproducidas neste acordo sendo os prezos públicos para a promoción cultural de 100€ cun anuncio que ocupa unha páxina do interior ou de 300€ se o anuncio ocupa a contraportada do folleto informativo.

**SEGUNDO**.-Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos e dese conta do presente decreto ós servizos administrativos, contabeis e de tesourería ós efectos oportunos.

## 5.8.- CONVOCATORIA E APROBACIÓN DE BASES PARA ESTABLECEMENTO DO PREZO PÚBLICO PARA A EXCURSIÓN Á SANTUARIO DE FÁTIMA (PORTUGAL)

Vistas as bases para convocatoria e aprobación de prezos públicos para a excursión ó Santuario de Fátima (Portugal) os días 18 e 19 de maio de 2016 redactadas en data 25/02/2016 pola animadora sociocultural e que a continuación se repreducen literalmente:

**<<BASES PARA ESTABLECEMENTO DO PREZO PÚBLICO PARA A EXCURSIÓN Á SANTUARIO DE FÁTIMA (PORTUGAL)**

**1.- Concepto**

Establecemento do prezo público para a excursión ó Santuario de Fátima (Portugal) os días 18 e 19 de maio de 2016. O itinerario a seguir será o seguinte ou similar:

- Mércores 18 de maio: 08:30 Saída do Campo do Rosario de Boimorto -10:00 Parada en Área de Servizo San Simon Vilanova almorzo- 12:00Parada en Santuario Bom Jesús - Braga- 13:30Parada en Hotel João Paulo II- Saameiro- 18:00 Chegada o Hotel, Fátima, Portugal -Visita ó Santuario (Capeliña + 2 Basílicas) -19:15 Misa en español na Capelinha das Aparicións - 21:30Rosario + Procesión- 22:30 Cea no hotel e aloxamento.

- Xoves 19 de maio: Visita a Basílica - Visita ós Valiños, Loca do Anjo e casas dos Pastoriños - 14:00 Xantar no hotel -16:00 saída cara Boimorto -19:00 Área de Servicio San Simón Vilaboa, parada para café 19:00 - 21:00 Chegada a Boimorto

O prazo de inscrición remata o 6 de maio. Os menores de idade deberán ir acompañados por un adulto.
O obxecto desta actividade é o de fomentar a participación conxunta de veciños/as e dar a coñecer a todos diferentes lugares da xeografía da Península.
O mínimo de participantes será 35 e ata un máximo de 50.

**2.- Obrigados o pagamento**
Estarán obrigados ao pagamento todas as persoas que se beneficien desta actividade.
Todos os asistentes ou representantes de menores deberán cubrir unha solicitude de autorización de participación, na que acordan que están conformes coas bases e co prezo público; polo que eximen ao Concello de calquera responsabilidade derivada da actividade.

**3.- Contía**
O prezo público da actividade é:
Maiores de 12 anos: 50€
Menores de 12 anos: 40€
gratis menores de 3 anos

O prezo inclúe o desprazamento en autocar, aloxamento e todas as comidas agás a cea do día 19, baixo ningún motivo se procederá ao reembolso do importe ingresado por esta actividade.

**4.- Obriga de pagamento**
A obriga de pagamento é do 100% do importe ao inscribirse.

Boimorto, 25 de febreiro de 2016

A animadora sociocultural

Asdo.- Yolanda Barreiro Garea>>

A Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais, deportivos e análogos, publicado no BOP nº 240 de data 10/11/2009, por unaninidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO**.- Convocar e aprobar as bases que establecen os prezos públicos da excursión ó Santuario de Fátima (Portugal), redactadas en data 25/02/2016 pola animadora sociocultural, tal e como quedan reproducidas neste acordo sendo o prezo público para as persoas maiores de 12 anos 50 €uros e os menores de 12 anos 40 €uros e gratis para menores de 3 anos.
**SEGUNDO**.-Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos e dese conta do presente decreto ós servizos administrativos, contabeis e de tesourería ós efectos oportunos.

## 5.9.- CONVOCATORIA E APROBACIÓN DE BASES PARA ESTABLECEMENTO DE PREZOS PÚBLICOS PARA A EXCURSIÓN Á NEVE Á ESTACIÓN DE LEITARIEGOS

Vistas as bases para convocatoria e aprobación de prezos públicos con motivo da excursión á neve á estación de Leitariegos redactadas en data 25/02/2016 polo técnico deportivo e que a continuación se repreducen literalmente:

**<<BASES PARA ESTABLECEMENTO DE PREZOS PÚBLICOS PARA A EXCURSIÓN Á NEVE Á ESTACIÓN DE LEITARIEGOS**
**1.- Concepto**

Excursión á neve á estación de Leitariegos (León); o sábado 12 e domingo 13 de marzo de 2016.
A hora e lugar de saída do autocar é ás 4:30 da mañá do sábado 12 de marzo do Campo do Rosario.
A orde de inscrición será a que determinará as persoas que sexan beneficiarias desta actividade, e o pago realizarase nas oficinas do Concello antes do día 9 de marzo, día no que rematará o prazo para anotarse. Terán sempre prioridade as persoas empadroadas no concello.

**2.- Obrigados o pagamento**

Estarán obrigadas ao pagamento todas as persoas que se beneficien desta actividade
Todos os asistentes deberán cubrir unha solicitude na que acordan que están conformes coas bases dos prezos públicos; polo que eximen ao Concello de calquera responsabilidade derivada da actividade.
Poderán acudir sen acompañante os menores de idade maiores de 14 anos sempre que conten con autorización do pai/nai ou titor/a.

**3.- Contía**

O prezo público da actividade é:
- Adultos Esquí: 80 €uros (114 € con clases) - Nenos Esquí: 70 €uros (104 € con clases)
- Adultos Snow: 95 €uros (129 € con clases) - Nenos Snow: 85 €uros (119 € con clases)

Este prezo inclúe o desprazamento en autocar, o forfait para poder facer uso das instalacións da estación (telesilla, telesquí e pistas), o aluguer do material, a pernoctación a noite do sábado ó domingo, a cea do sábado e o almorzo do domingo
Aquelas persoas que desexen 2 horas de clase cada día incrementarán en 34 €uros dito prezo (o prezo que está entre paréntese).

O prezo dos que xa teñan material será:
Adultos: 60 €uros Nenos: 50 €uros
O prezo para os que só queiran visitar a estación (ticket mecánico): 40 €uros e sen ticket mecánico: 30 €uros.
Aluguer de trineo infantil para os dous días: 5 €uros
Aluguer de trineo adulto para os dous días: 8 €uros
O número máximo de prazas será de 50 persoas e o mínimo para a realización da excursión é de 25 participantes.
Baixo ningún motivo se procederá ao reembolso do importe ingresado por esta actividade.

**4.- Bonificacións e exencións**

O concello asumirá o gasto do transporte.

**5.- Obriga de pagamento**

A obriga de pagamento é nas oficinas do Concello antes do día 10 de marzo o 100% do importe.

Boimorto 25 de febreiro de 2016

O técnico deportivo
Asdo: César Buján Barral>>

A Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais, deportivos e análogos, publicado no BOP nº 240 de data 10/11/2009, por unaninidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO**.- Convocar e aprobar as bases de establecemento do prezo público da excursión á neve na estación de Leitariegos, redactadas polo técnico deportivo, tal e como quedan reproducidas neste acordo, establecendo os seguintes prezos públicos:

Para os que non teñan material:
.- Adultos Esquí: 80 €uros (114 € con clases)
.- Adultos Snow: 95 €uros (129 € con clases)
.- Nenos Esquí: 70 €uros (104 € con clases)
.- Nenos Snow: 85 €uros (119 € con clases)

Para os que teñan material:
.- Adultos: 60 €uros (94 € con clases)

.- Nenos: 50 €uros (84 € con clases)

.- Visita estación (ticket mecánico): 40 €uros.
.- Visita estación (sen ticket mecánico): 30 €uros
.- Aluguer trineo infantil dous días: 5 €uros.
.- Aluguer trineo adulto dous días: 8 €uros

**SEGUNDO**.- Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos e dese conta do presente decreto ós servizos administrativos, contabeis e de tesourería ós efectos oportunos.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 15:40 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- Gonzalo Concheiro Coello